



GUÍA DE LECTURA-FÍSICA E QUÍMICA

Divulgación científica


Título:	E=mc². Grandes ideas que formaron nuestro mundo	
Autor:	Pete Moore	
Editorial:	LISMA	
Recomendado para:	3º-4ºESO	
Sinopse	Repaso das biografías de grandes pensadores en ciencia, dun xeito moi breve e concreto.	
Comentario	<p>É un libro curioso porque divide o saber en 11 grandes campos (universo, xenética, cerebro, evolución, matemáticas...) e dentro de cada un deles propón varios científicos importantes que traballaron nese campo e expñon dun xeito moi directo e resumido o esencial das súas vidas.</p> <p>É un bo modo de aproximarnos a grandes científicos nun libro de <u>189 páxinas</u> que ten unhas ilustracións moi boas, con cor, esquemas, cronoloxías...</p>	


Título:	Momentos estelares de la ciencia	
Autor:	Isaac Asimov	
Editorial:	Alianza	
Recomendado para:	3º-4ºESO	
Sinopse	Colección de descubrimentos e feitos importantes na historia da ciencia, relacionados en orde cronolóxica, desde Arquímedes ata Hutchings.	
Comentario	<p>É un libro curto, de <u>152 páxinas</u>, no que podes atopar unha relación de científicos e historias claves no desenvolvemento da ciencia, pero escritos por Isaac Asimov, un extraordinario divulgador científico. Resulta ameno e doado de ler. Moi interesantes resultan os cadros comparativos nos que se relacionan feitos históricos, políticos, artísticos, sociais, científicos...por orde cronolóxica, cos cales te fas unha boa composición de lugar</p>	

Título:	Serendipia	
Autor:	Royston M. Roberts	
Editorial:	Alianza Bolsillo	
Recomendado para:	3º-4ºESO	
Sinopse	Libro que presenta máis de 60 descubrimentos científicos pero aos que se chegou de modo casual.	
Comentario	É un libro de <u>392 páxinas</u> , bastante curioso, que relata algúns feitos científicos nos que o azar tivo un papel fundamental: o principio de Arquímedes, o descubrimento do velcro, a penicilina, o teflón, de América, etc. O termo serendipia é unha tradución literal do inglés “serendipity” que se reserva en ciencia para catalogar este tipo de descubrimentos	

Título:	Elementos esenciales: átomos, quarks y la tabla periódica- La aventura de la ciencia	
Autor:	Matt tweed	
Editorial:	ONIRO	
Recomendado para:	3-4ºESO	
Sinopse	Viaxe ao interior da materia para descubrir os seus compoñentes máis pequenos	
Comentario	É un bo libro de apoio para as explicacións dadas en 3ºESO para o estudo da materia. En apenas <u>62 páxinas</u> condúcenos ao mundo do máis pequeno dun xeito ameno.	

Título:	¡Eureka!	
Autor:	Leslie A. Horvitz	
Editorial:	Paidós ibérica	
Recomendado para:	3º-4ºESO	
Sinopse	Colección de 12 momentos importantes da historia da ciencia e o impacto que tiveron na sociedade.	
Comentario	Interesante libro de <u>256 páxinas</u> sobre anacos de ciencia: Einstein, Fleming, Priestley, Darwin, Mendeleiev... Non está mal para recoñecer descubrimentos esenciais no avance científico. Está ben escrito e non resulta pesado.	

Título:	Breve historia de la química	
Autor:	Isaac Asimov	
Editorial:	Alianza	
Recomendado para:	3º-4ºESO	
Sinopse	Repaso á vida desta rama da ciencia, moi nova pero repleta de feitos cruciais para a humanidade.	
Comentario	Outro libro deste mestre da divulgación científica de gran carácter didáctico. Ten 272 páxinas, é moi ameno e entretido, e resulta ideal para iniciarse nesta ciencia. Moi recomendable sobre todo en 3ºESO, que é cando se empeza a estudar.	

Título:	100 preguntas básicas sobre la ciencia	
Autor:	Isaac Asimov	
Editorial:	Alianza	
Recomendado para:	3º-4ºESO	
Sinopse	100 preguntas que algunha vez alguén se fixo sobre a ciencia coas respostas axeitadas.	
Comentario	De novo Isaac Asimov emerxe para explicar dun modo sinxelo, entretido e moi didáctico 100 cuestións que lle serven para darlle un repaso aos conceptos máis interesantes e básicos en ciencia. Ten <u>256 páxinas</u> e lese moi fácil.	